



NOTA INFORMATIVA SOBRE COMEDOR ESCOLAR

O Consello da Xunta ven de autorizar, de xeito excepcional, no caso de non contar no comedor escolar co número preciso de colaboradores que cumpran coas actuais condicións, a posibilidade de abrir unha nova lista de colaboradores voluntarios mentres a situación producida pola pandemia do COVID-19 persista.

Posto que xa estamos autorizados a dispoñer de 14 colaboradores, poderán anotarse todos aqueles que cumpran cos seguintes requisitos:

1. Poderán inscribirse todos aqueles colaboradores voluntarios que reúnan a condición de seren familiares dos alumnos comensais que convivan no mesmo domicilio ca eles.
2. Para poder inscribirse deberán aportar unha declaración xurada de que conviven nun mesmo domicilio que algún dos menores comensais.
3. Deberán contar coa autorización do pai, nai, titor legal ou acolledor familiar do alumno comensal co que convivan para colaborar no comedor.
4. No caso de que o persoal funcionario e laboral destinado no colexio, ou pais, nais, titores legais e acolledores do alumnado escolarizado no centro presenten petición de colaboración, ditos convivintes admitidos como voluntarios cesarán a súa actividade no comedor.

Dende o servizo de comedor, lembramos a necesidade de que os colaboradores sexan o máis estables posible e poidan acudir tódolos días ao centro coa finalidade de favorecer a súa organización.

Os colaboradores voluntarios que se inscriban deben ser quen de cumprir coas funcións que implica dito cargo, así como non atoparse en franxas de idade ou posuír problemas de saúde que os inclúa como grupo de alto risco na infección pola COVID-19.

Pregamos a vosa colaboración co obxecto de procurar unha mellora na organización e prestación do servizo de comedores, posto que é de suma importancia dispoñer dos colaboradores suficientes que poidan cubrir estes postos tanto de forma habitual como en causas de ausencia.

Atentamente,

Encargada de comedor

CEIP Praia Xardín